

**EPA “EDUARDO PONDAL”**  
**CURSO 2023 -24**  
**DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA**  
**“ECONOMÍA” 1º Bacharelato**

HORARIO TITORÍA LECTIVA	Grupo mañá: mércores 10:00 – 10:45 (Aula 3.1) Grupo tarde: martes 18:15 -19:00 (Aula 1.1)
HORARIO TITORÍA DE ORIENTACIÓN	Luns: 19:00 – 19:45 h Venres: 11:30 – 12:15 h
PROFESORA	María J. Alonso Díaz
AULA VIRTUAL da EPA	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/epaeduardopondal/">http://www.edu.xunta.gal/centros/epaeduardopondal/</a>
TELÉFONO DO CENTRO	881 960901

**1. MATERIAIS E RECURSOS**

- Libro de texto: “ECONOMÍA”, de Anxo Penalonga. Editorial McGraw-Hill, Madrid 2022.  
ISBN: 978-84-486-2744-7
- Aula Virtual da EPA: <http://www.edu.xunta.gal/centros/epaeduardopondal/>

**2. UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS**

Avaliación	Sesión	Unidades Didácticas
1ª	1ª	UD1. Economía: a ciencia das decisións
	2ª	UD1. Economía: a ciencia das decisións
	3ª	UD2. A organización económica e os sistemas económicos
	4ª	UD2. A organización económica e os sistemas económicos
	5ª	UD3. A empresa e a produción
	6ª	UD3. A empresa e a produción
	7ª	UD4. O mercado
	8ª	UD4. O mercado
	9ª	UD5. Tipos de mercado
	10ª	UD5. Tipos de mercado
2ª	1ª	<i>EXAME RECUPERACIÓN 1ª AVALIACIÓN</i>
	2ª	UD6. O mercado de traballo
	3ª	UD6. O mercado de traballo
	4ª	UD7. Indicadores e equilibrio macroeconómico
	5ª	UD7. Indicadores e equilibrio macroeconómico
	6ª	UD8. O papel do Estado
	7ª	UD8. O papel do Estado
	8ª	UD9. A política fiscal
	9ª	UD9. A política fiscal

3ª	1ª	<i>EXAME RECUPERACIÓN 2ª AVALIACIÓN</i>
	2ª	UD10. O diñeiro e o sistema financeiro
	3ª	UD10. O diñeiro e o sistema financeiro
	4ª	UD11. A política monetaria
	5ª	UD11. A política monetaria
	6ª	UD12. O Comercio internacional. A integración económica. A UE
	7ª	UD12. O Comercio internacional. A integración económica. A UE
	8ª	UD13. Retos da economía mundial
	9ª	<i>EXAME DA 3ª AVALIACIÓN</i>

### 3. MÍNIMOS DE CONSECUCCIÓN

#### UD1. Economía: a ciencia das decisións

- Recoñece o problema económico básico: recursos escasos e necesidades ilimitadas.
- Identifica os diferentes métodos para a análise da realidade económica. Identifica na economía condutual as desviacións da racionalidade económica.
- Interpreta modelos simples da realidade económica.
- Distingue entre economía positiva e economía normativa.
- Identifica os contidos asociados á unidade na realidade económica empregando os medios de difusión habituais no alumnado e reflexiona sobre as posibles solucións aos retos que se expoñan.

#### UD2. A organización económica e os sistemas económicos

- Identifica os sistemas económicos no ámbito nacional e internacional.
- Describe a asignación de recursos nos diferentes sistemas económicos.
- Sintetiza as vantaxes e inconvenientes dos diferentes sistemas económicos.
- Identifica os fallos do mercado e as solucións propostas polos diferentes sistemas económicos.
- Representa o fluxo circular da renda e explica os efectos das decisións dos axentes económicos.
- Identifica os fluxos reais e monetarios entre os distintos axentes que interveñen na actividade económica definindo o seu papel na economía dun país.
- Analiza o papel do Estado nos distintos sistemas económicos.
- Valora o papel dos axentes económicos no fluxo circular da renda.
- Explora a resposta dos sistemas económicos actuais á asignación de recursos.

### **UD3. A empresa e a produción**

- Identifica os obxectivos da empresa. Identifica os elementos que participan na análise custo-beneficio
- Describe o papel da empresa no esquema do fluxo circular da renda.
- Identifica as estratexias de responsabilidade social corporativa de diferentes empresas da contorna.

### **UD4. O mercado**

- Define as variables que afectan á oferta e á demanda.
- Calcula e interpreta o equilibrio no mercado.
- Calcula e interpreta a elasticidade da oferta e da demanda.

### **UD5. Tipos de mercado**

- Analiza o proceso de toma de decisións nos mercados de competencia imperfecta e aplica a teoría de xogos.
- Diferencia os tipos de mercado

### **UD6. O mercado de traballo**

- Identifica as características do mercado laboral e interpreta os principais datos. Diferencia os tipos de desemprego. Identifica as políticas de emprego.
- Analiza a evolución do mercado laboral. Valora as políticas de emprego aplicadas ou a aplicar.

### **UD7. Indicadores e equilibrio macroeconómico**

- Describe o equilibrio macroeconómico.
- Calcula e interpreta o crecemento económico.
- Calcula e interpreta as macromagnitudes empregando o fluxo circular da renda. Identifica as limitacións das macromagnitudes.
- Emprega os indicadores macroeconómicos na comparación da situación dos diferentes países e analiza as políticas económicas aplicadas.

### **UD8. O papel do Estado**

- Identifica os fallos do mercado. Define a política macroeconómica e identifica os diferentes tipos como solución aos fallos do mercado.
- Define o estado do benestar e identifica os diferentes modelos.

- Identifica as fontes de financiamento do estado do benestar.
- Valora a necesidade de intervención do Estado como resposta aos fallos de mercado.
- Recoñece e valora, na práctica, os instrumentos e limitacións dos diferentes modelos do estado do benestar.

#### **UD9. A política fiscal**

- Identifica as distintas políticas fiscais. Analiza, en supostos prácticos, os diferentes enfoques sobre a intervención do Estado na economía e políticas fiscais aplicadas.
- Identifica as fontes de financiamento do déficit público.
- Identifica os compoñentes dos orzamentos xerais do Estado. Identifica as razóns da existencia da economía mergullada e o seu impacto no estado do benestar.
- Analiza o estado do benestar como solución ás necesidades individuais e colectivas.

#### **UD10. O diñeiro e o sistema financeiro**

- Explica o papel do diñeiro. Identifica os intermediarios financeiros e os produtos obxecto de intercambio.
- Elabora un plan financeiro persoal. Valora a importancia de planificar as finanzas das economías domésticas.
- Manexa conceptos básicos das finanzas persoais.
- Elabora un plan financeiro persoal nun contexto de transformación dixital. Valora a importancia de seguir as recomendacións de ciberseguridade na práctica.
- Manexa conceptos básicos das finanzas persoais nun contexto dixital.
- Identifica os efectos da era dixital no sistema financeiro: novos medios de pagamentos, ciberseguridade, ...

#### **UD11. A política monetaria**

- Analiza, en supostos prácticos, os diferentes enfoques sobre a intervención do estado na economía e identifica as políticas monetarias desenvolvidas.
- Recoñece as causas e efectos da inflación. Explica o funcionamento da política monetaria.

#### **UD12. O Comercio internacional. A integración económica. A Unión Europea**

- Analiza a repercusión das decisións económicas e valora os procesos de integración económica.
- Valora argumentos a favor e en contra do libre comercio e o proteccionismo. Define os diferentes niveis de integración económica. Coñece o funcionamento do comercio internacional.

- Recoñece os efectos na economía dos países dos distintos niveis de integración económica. Recoñece as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración europeo.
- Analiza con espírito crítico os efectos da integración na economía mundial.

### **UD13. Retos da economía mundial**

- Describe os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) como resposta aos retos económicos actuais. Coñece e valora a estratexia española de desenvolvemento sostible 2023.
- Identifica os factores explicativos da globalización, oportunidades e riscos.
- Identifica as externalidades do fluxo circular da renda. Coñece os indicadores de desenvolvemento e relaciónaos co benestar e a calidade de vida.
- Analiza de forma práctica as respostas dos procesos de integración económica aos retos actuais.
- Identifica as causas da pobreza e propón solucións. Valora as implicacións socioeconómicas dos fluxos migratorios.
- Identifica actuacións a desenvolver polos axentes económicos na procura dos ODS.
- Analiza os indicadores de desenvolvemento de diferentes países.
- Valora diversas medidas que poidan contribuír á sustentabilidade do estado do benestar. Comprende os actores e consecuencias da nova economía derivadas da revolución dixital.
- Valora a economía colaborativa como alternativa menos desperdiciadora de recursos. Valora a importancia da implantación dunha economía circular.
- Identifica os principios básicos da teoría do decrecemento económico.

## **4. AVALIACIÓN**

### **4.1 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Ao longo do curso académico se levarán a cabo tres avaliacións nas datas sinaladas polo centro educativo. Rematado o período lectivo, e coincidindo coa sesión da 3ª avaliación, procederase á realización da avaliación final do alumnado e en xuño a avaliación extraordinaria.

Se empregarán os seguintes instrumentos de avaliación:

- **Probas escritas -PE-** ( Ponderación: **80%** na nota de cada avaliación ). Ao longo de cada trimestre se realizará unha proba escrita na semana fixada polo centro educativo.

\_Cada proba escrita abarcará as unidades didácticas que forman parte da programación da materia para ese período avaliativo, salvo que por circunstancias xustificadas isto non fora posible, en cuxo caso se procederá a avaliar aqueles contidos impartidos ata a semana previa á realización dos correspondentes exames da avaliación.

\_Serán cualificadas cunha nota numérica comprendida entre 0 e 10. Os alumnos serán informados previamente da puntuación asignada a cada unha das preguntas e cuestións da proba escrita.

- **Tarefas trimestrais -TT-** ( Ponderación: **20%** na nota de cada avaliación ). En cada un dos trimestres se proporá a realización de dúas tarefas, as cales poderán consistir na resolución de boletíns de actividades, comentarios de texto ou artigos de prensa, supostos prácticos, elaboración traballos sobre contidos teóricos e/ou prácticos, ...

\_Deberán ser entregadas en tempo (no prazo indicado) e forma (coas características solicitadas). Serán cualificadas cunha nota numérica comprendida entre 0 e 10.

#### 4.2 CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

- **A cualificación** de cada avaliación **trimestral (CT)** calcularase como media ponderada dos respectivos instrumentos de avaliación:

$$CT = 0,80 * PE + 0,20 * TT$$

Dado que a cualificación da avaliación é numérica exacta , o redondeo será ao enteiro máis próximo; e en caso de equidistancia ao enteiro superior.

\_Para facer media será necesario ter unha nota igual ou superior a 3,5 sobre 10 nas probas escritas.

\_No caso de que nunha avaliación NON se lle poñan aos alumnos traballos trimestrais, a porcentaxe correspondente a este apartado pasará ao das probas escritas (100%)

Considérase superado un trimestre si a cualificación CT é igual o maior que 5.

- **A cualificación final do curso** será o resultado de facer a media das cualificacións das tres avaliacións, sempre e cando ningunha delas sexa inferior a 3,5 (para a determinación desta cualificación final, as notas dos trimestres se contabilizarán sen redondear, considéranse en cada unha delas dós decimais).

O redondeo farase ao enteiro máis próximo e, en caso de equidistancia ao superior. Se esta media é 5 ou maior o alumno superará a materia; en caso contrario o alumno deberá facer o exame final de maio no que terá que recuperar a avaliación ou avaliacións suspensas.

A finais de cada unha das avaliacións realizarase un exame, que fixará a Dirección do Centro, no que se preguntará ao alumnado por toda a materia estudada na mesma. Despois da 1ª avaliación e 2ª avaliación farase a recuperación da mesma. Por outra parte, previa a realización do exame da avaliación ordinaria (ou exame final) fixado pola Dirección do Centro, o Departamento de Economía organizará outro exame previo da 3ª avaliación. Deste xeito a recuperación da mesma, realizarase na data fixada pola Dirección do Centro como avaliación ordinaria (ou exame final).

() As **datas dos exames** son as seguintes:

📅 **Exame da 1ª avaliación** : semana do 11 ao 15 de decembro (consultar páxina WEB ou taboleiro de anuncios da secretaría do Centro)

\_\_\_ Recuperación da 1ª av:

\_\_\_ grupo da mañá: mércores 20 de decembro ás 10:00 h (Aula 3.1)

\_\_\_ grupo da tarde: martes 19 de decembro ás 18:15 h (Aula 1.1)

📅 **Exame da 2ª av:** semana do 11 ao 15 de marzo (consultar páxina WEB ou taboleiro de anuncios da secretaría do Centro)

\_\_\_ Recuperación da 2ª av:

\_\_\_ grupo da mañá: mércores 13 de marzo ás 10:00 h (Aula 3.1)

\_\_\_ grupo da tarde: martes 12 de marzo ás 18:15 h (Aula 1.1)

📅 **Exame da 3ª avaliación e final de Economía** (para o alumnado matriculado en 2º de Bacharelato que a teña pendente de 1º de Bacharelato): do 22 ao 24 de abril (consultar páxina WEB ou taboleiro de anuncios da secretaría do Centro)

📅 **Exame da 3ª av:**

\_\_\_ grupo da mañá: mércores 22 de maio ás 10:00 h (Aula 3.1)

\_\_\_ grupo da tarde: martes 21 de maio ás 18:15 h (Aula 1.1)

\_\_\_ Recuperación da 3ª av: no exame final (avaliación ordinaria), do 27 ao 31 de maio (consultar páxina WEB ou taboleiro de anuncios da secretaría do Centro)

📅 **Exame final de maio** (avaliación **ordinaria**): do 27 ao 31 de maio (consultar páxina WEB ou taboleiro de anuncios da secretaría do Centro)

🕒 Haberá unha convocatoria extraordinaria: do 17 ao 19 de xuño (consultar páxina WEB ou taboleiro de anuncios da secretaría do Centro), no que o alumnado terá que examinarse de toda a materia do curso.

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

As titorías presenciais, son de dous tipos: titorías lectivas e titorías de orientación:

📅 As **titorías lectivas**, é unha titoría semanal para cada materia, a que tes que asistir de forma obrigatoria para facilitar o proceso de ensinanza (agás en circunstancias acreditada, previa petición do interesado/a).

Dedicarase a abordar co alumnado os aspectos fundamentais da materia correspondente, incidindo especialmente nos contidos procedementais. Cada sesión comeza pola formulación de cuestións relacionadas coa materia traballada na sesión da semana anterior. Continúase coa resolución de problemas/ actividades, e aclaración dos aspectos máis complexos onde se observa una falla de comprensión, ou daqueles que resulte evidente que non chegaron de xeito claro os alumnos. Una vez concluído este punto, pásase a desenvolver os contidos seguintes que se traballaran na sesión, co apoio dos materiais e recursos que se citan no apartado correspondente.

☞ As **titorías de orientación** podes utilizalas para solucionar as dúbidas que che poidan xurdir no estudo da materia ou problemas atopados no desenvolvemento do teu traballo autónomo.

*IMPORTANTE:*

A temporalización das unidades didácticas é aproximada aínda que procuraremos axustarnos, para o que é fundamental o voso traballo persoal que vos permita seguir as explicacións na aula.

No que respecta ao material extra de traballo e exercicios para a práctica, serán colgados no curso "ECONOMÍA" da aula virtual do centro. Para acceder á mesma é imprescindible falar coa profesora , xa que é ela mesma quen vos dará a clave necesaria para a vosa automatriculación.